

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019670	IES do Castro	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua galega e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	34

1. Introducción

A materia de Lingua Galega en 2º de Bacharelato presenta uns fins específicos en consonancia cos obxectivos desta etapa.

Os obxectivos de Lingua Galega e Literatura neste curso supoñen unha progresión con respecto dos da etapa anterior, que buscan a adquisición das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional do alumnado e a capacitación para o acceso á educación superior. Hai agora unha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como unha mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axudan a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados.

Esta proposta didáctica está destinada ao Instituto de Educación Secundaria do Castro, centro urbano por excelencia, que imparte amais da Educación Secundaria Obrigatoria, a postobrigatoria, cos dous niveis de Bacharelato: 1º e 2º.

O nivel de 2º de Bacharelato, para o que se ofrece a programación, presenta certa heteroxeneidade porque o instituto acolle alumnado da ESO de distintos centros de procedencia. Ademais, dentro do Bacharelato contamos coa liña do Bacharelato internacional (BI), o que aumenta a complexidade dos enfoques e, entre outros aspectos, a secuenciación, xa que nesta modalidade o remate do período lectivo é anterior con respecto ao Bacharelato ordinario.

Dende o punto de vista Sociolingüístico a tendencia ao bilingüismo diglósico segue a facerse máis acusada, fundamentalmente na expresión oral, aínda que queda compensada no plano escrito pola mellora substancial do nivel de coñecemento acadado nos niveis anteriores e pola preocupación da proba externa do final da etapa.

Tendo en conta estas características e ao abeiro do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia, a materia de Lingua Galega e Literatura ten como finalidade, por unha banda, mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e, pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe a prol da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Deste xeito, a materia contribúe á progresión no desenvolvemento de todas as competencias clave.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística subliñando os fenómenos que se producen no marco do contacto entre linguas e as diferenzas entre variedades dialectais, sociolectos e rexistros, co fin de combater de maneira argumentada prexuízos e estereotipos lingüísticos. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática, vertebrándoos ao redor da realización de tarefas de produción, recepción e análise crítica de textos, con especial atención á produción de textos académicos e á recepción crítica de textos procedentes dos medios de comunicación, así como aos procesos de investigación que han de acompañar ambos os desempeños. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a época das Irmandades da Fala e a actualidade. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación, establecendo unha relación entre coñecemento gramatical explícito e uso da lingua, a partir da reflexión e da comunicación de conclusións coa metalinguaxe adecuada. Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica.

A programación didáctica que se presenta para 2ª de Bacharelato está articulada arredor de doce unidades didácticas e elabórase ao amparo da Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023-2024 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade autónoma de Galicia.

En resumo e, de xeito moi global, incidirase no estudo e a práctica da lingua escrita e oral para obtermos persoas destras en ambas as competencias. Con todo, neste curso non podemos vivir alleos á realidade do noso alumnado que no mes de xuño deberá enfrontarse á Proba de avaliación do bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU), o cal condiciona que se incida máis ou menos no desenvolvemento de determinados aspectos da programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1: Tirando da lingua.	<p>A primeira sesión desta unidade está destinada á realización da avaliación inicial.</p> <p>Ao ser a unidade de comezo de trimestre o alumnado será informado do título da obra literaria que deberá ler nesta avaliación.</p> <p>Estudárase a Fonética e da Fonoloxía do galego con atención á caracterización dos fonemas vocálicos e consonánticos, os fenómenos de vacilación vocálica e consonántica e a entoación. Amais atenderemos á clasificación das sílabas e os conceptos de ditongo, tritongo e hiato.</p> <p>Abordárase a semántica e as relacións semánticas. Traballarase os conceptos de significado, denotación e connotación, cambios semánticos e as súas principais causas e consecuencias.</p> <p>Prestaráselle atención ás principais estruturas textuais propias do nivel e o alumnado deberá de aplicar estratexias de comprensión textual e producir textos facendo un uso axeitado das formas verbais, procedementos de cohesión, corrección lingüística, signos de puntuación e revisión ortográfica e gramatical.</p>	14	10	X		
2	UNIDADE 2: Comunicámonos.	<p>O obxectivo desta unidade será o estudo da lingua galega no primeiro terzo do século XX, entre os anos 1936 e 1975 e do ano 1975 ata o século XXI. Achegarémonos ao contexto histórico da época, ás características fundamentais de cada período e á súa situación sociolingüística.</p> <p>Aproveitaranse estes temas de sociolingüística para reflexionar sobre a importancia de detectar as fake news nas redes sociais; botarase man das estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística para achegar a opinión persoal. Tamén se traballará a argumentación oral formal sobre un tema de relevancia social de actualidade.</p>	10	9	X		
3	UNIDADE 3: Os tempos de Margot Sponer	<p>Abordárase o estudo da literatura galega do primeiro terzo do século XX (de 1916 a 1936): As Irmandades da Fala, a revista Nós</p>	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	UNIDADE 3: Os tempos de Margot Sponer	<p>e o Seminario de Estudos Galegos. Estudarase a lírica, a prosa e o teatro da época das Irmandades da Fala, as Vanguardas e no caso da prosa e do ensaio, da Xeración Nós.</p> <p>Traballaranse fragmentos de obras representativas da época e buscarase atender á perspectiva de xénero para visibilizar o universo feminino.</p>	10	10	X		
4	UNIDADE 4: Remexendo na lingua.	<p>Ao ser a unidade de comezo de trimestre o alumnado será informado do título da obra literaria que deberá ler ao longo da avaliación.</p> <p>Realizarase un repaso da acentuación diacrítica e das categorías gramaticais (pronome, preposicións e conxuncións, verbos, perífrases verbais, etc.) a partir de tarefas extraídas de probas ABAU.</p> <p>Estudarase o léxico galego, nomeadamente a estrutura da palabras, as clases, a súa formación, as familias léxicas e os desvíos léxicos.</p> <p>Amais, atenderase ás unidades comunicativas e tamén ás propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade).</p>	13	10		X	
5	UNIDADE 5: De variedades vai o conto!	<p>Nesta unidade estudaranse as variedades dialectais do galego, en concreto, as características dos tres bloques dialectais, os trazos de cada súa área e as diferenzas entre estes e as relativas aos sociolectos e aos rexistros de lingua.</p> <p>As linguas da Península Ibérica, principalmente, as oficiais e cooficiais tamén serán obxecto de estudo. As semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre estas linguas serán contrastadas en manifestacións orais, escritas e multimodais.</p> <p>Amais, abordarase o concepto da variedade estándar da lingua galega, como foi a súa fixación e atendendo ao proceso de normativización do galego moderno.</p>	10	9		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	UNIDADE 6: D' A esmorga ao Corno (do centeo)	<p>Tratarase o estudo da literatura galega entre os anos 1936 e 1976 (lírica, prosa e teatro) e tamén a literatura no exilio.</p> <p>Traballaranse fragmentos de obras representativas da época e buscarase a valoración crítica do seu contido e a súa forma.</p> <p>Manexaranse imaxes das primeiras edicións dalgunhas da obras publicadas neste período e estableceranse vínculos entre a obra lida, aspectos de actualidade e outras manifestacións literarias e artísticas. Tamén se lle prestará atención aos vínculos intertextuais existentes entre obras galegas e outras doutros contextos lingüísticos pertencentes a este período.</p> <p>A partir do título dos poemarios de Luísa Villalta, autora homenaxeada o Día das Letras Galegas, o alumnado creará un poema traballando así a intertextualidade e será visibilizado no centro a través das actividades destinadas a conmemorar este día.</p>	10	10		X	
7	UNIDADE 7: Analizando a lingua.	<p>Ao ser a unidade de comezo de trimestre o alumnado será informado do título da obra literaria que deberá ler ao longo da avaliación.</p> <p>Comezarase esta unidade co repaso das unidades e funcións sintácticas (frase e oración) e estudaranse os tipos de estruturas sintácticas, con especial atención ás oracións compostas por subordinación (subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais).</p> <p>Traballarase a elaboración de textos (académicos) coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas de interese social e cultural propios do nivel.</p>	13	10			X
8	UNIDADE 8: Fuxindo dos prexuízos	<p>Abordarase o tema do galego en vías de normalización e atenderase á utilización dos medios de comunicación, fundamentalmente xornais, e das redes sociais nos procesos normalizadores.</p> <p>Amais, estudaranse os estereotipos e prexuízos lingüísticos e a súa repercusión nos usos coa finalidade de combatelos.</p>	10	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	UNIDADE 8: Fuxindo dos prexuízos	O alumnado, de xeito colaborativo, elaborará un pequeno traballo de investigación sobre os prexuízos lingüísticos máis frecuentes nas redes sociais localizando e contrastando información de diferentes fontes. Ademais ofrecerá propostas para combatelos. Atenderá á corrección gramatical e ortográfica. Procurará de xeito autónomo e seleccionará a información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.	10	9			X
9	UNIDADE 9: Nós tamén navegamos	<p>Abordarase o estudo da literatura galega dende o ano 1976 ata a actualidade (lírica, prosa e teatro). Afondarase nas tendencias literarias da década dos 80, 90, fin de século e a literatura actual coas renovacións temáticas e introdución da perspectiva de xénero.</p> <p>Na aula traballarase con fragmentos literarios ofrecidos pola docente, que serán obxecto de análise e aproximación á literatura deste período.</p> <p>O alumnado realizará de xeito individual un booktráiler sobre un poema desta época.</p>	10	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1: Tirando da lingua.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora o contido e a forma dos textos e a eficiencia dos procedementos lingüísticos empregados e produce textos (expositivos e argumentativos) con estas características.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le unha obra da literatura galega do século XX, coas propostas da lectura guiada, e analiza a obra de xeito argumentado.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Sabe caracterizar os fonemas vocálicos e consonánticos. Identifica ditongos, tritongos e hiatos. Distingue os diversos tipos de significado que existen, coñece as relacións semánticas existentes e sabe diferenciarlas na práctica.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Aplica estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística nas interaccións orais.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta en soporte analóxico e dixital para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2: Comunicámonos.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	Analiza información relacionadas co uso da lingua na sociedade dende o primeiro terzo do século XX ata a actualidade e detecta as características principais do galego destas épocas e, asemade, coñece os contextos históricos.	PE	80
CA4.2 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Distingue os diferentes tipos de significado que existen e revisa os seus propios textos buscando a mellora.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha argumentación oral formal sobre un tema de relevancia social axustándose ás convencións propias deste xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	TI	20
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Aplica estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística nas interaccións orais relacionadas coa temática estudada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter formal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo da exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 3: Os tempos de Margot Spomer	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Interpreta fragmentos de obras literarias do primeiro terzo do século XX (1916 a 1936).	PE	80
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Utiliza a información sociohistórica e cultural para entender os fragmentos de textos lidos e comprender o seu lugar na tradición literaria.		
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analiza os elementos constitutivos da Literatura galega (lírica, prosa e teatro) do primeiro terzo do século XX.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Acode á biblioteca do centro para seleccionar fragmentos das obras máis representativas desta época e compartilas nos espazos do centro.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A litera-

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - tura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino.

UD	Título da UD	Duración
4	UNIDADE 4: Remexendo na lingua.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	Distingue as unidades comunicativas e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia, cohesión, adecuación e informatividade). Ademais, localiza o sentido global do texto, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor.	PE	80
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le unha obra da literatura galega do século XXI e establece vínculos con outras obras da tradición literaria galega.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Distingue palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas. Diferencia os procedementos de formación de palabras. Localiza e clasifica os pronomes, adverbios, preposicións, conxuncións, verbos e perífrases verbais en textos escritos.	TI	20
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Recolle o sentido global da información que se transmite nun texto (oral ou escrito). Analiza a intención do emisor. Valora se existen usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, abusos a través da palabra e usos manipuladores da linguaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluíndo o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
5	UNIDADE 5: De variedades vai o conto!	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos destas linguas en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	Recoñece as variedades dialectais do galego e distingue os trazos diferenciadores dos tres bloques (occidental, central e oriental). Constata as diferenzas lingüísticas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Coñece o proceso de normativización do galego moderno e é quen de argumentar sobre a importancia da normativización no desenvolvemento das linguas modernas. Contrasta os trazos lingüísticos distintivos do galego e o portugués.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Aplica estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística nas interaccións orais.	TI	20
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utiliza nas producións (orais e escritas) a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do galego. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua galega. - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica, contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
6	UNIDADE 6: D' A esmorga ao Corno (do centeo)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Interpreta fragmentos de obras literarias dende o ano 1916 ao 1936.	PE	80
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Recoñece os trazos distintivos da literatura galega (lírica, prosa, ensaio e teatro) dos anos 1936 e 1975.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Utiliza a información sociohistórica e cultural para entender os fragmentos de textos lidos e comprender o seu lugar na tradición literaria. Establece vínculos entre os textos literarios lidos nestas unidades con outras obras literarias e cinematográficas anteriores ou posteriores.		
CA3.4 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	Selecciona na escolma de textos ofrecidos pola docente aqueles máis significativos, tendo en conta o seu gusto e establece vínculos con outros autores e obras.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo

Contidos
- feminino. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
7	UNIDADE 7: Analizando a lingua.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado arredor de temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	Elabora textos (académicos) coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado.	PE	90
CA2.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Utiliza nos textos realizados (expositivos e argumentativos) formas verbais de maneira axeitada, corrección lingüística, precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.7 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Identifica o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor nos textos manexados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluíndo o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	Le un texto ensaístico e analiza a obra de xeito argumentado.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica oracións compostas por coordinación e subordinación (subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas ou de relativo e subordinadas adverbiais) e recoñece as funcións sintácticas e a categoría gramatical das palabras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos e é quen de facer propostas de mellora.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo Os textos académicos. - Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e o contido do texto. - Produción escrita: elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto. - Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado. - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
8	UNIDADE 8: Fuxindo dos prexuízos	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	Contrasta en diferentes xornais, tanto en formato dixital coma impreso, e nas redes sociais a presenza que teñen os prexuízos sobre a lingua galega e ofrece propostas para combatelos.	PE	70
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Recoñece estereotipos e prexuízos lingüísticos en viñetas, imaxes e textos.		
CE2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, con especial atención á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia; organizala e integrala en esquemas propios; e reelabora e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	Eabora un traballo sobre os prexuízos lingüísticos localizando, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes. Atenderá á corrección gramatical e ortográfica utilizando ferramentas dixitais.	TI	30
CE2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	Procura de xeito autónomo e selecciona a información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia.		
CA4.4 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	Presenta os resultados do proxecto de investigación utilizando a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de xeito autónomo dicionarios, vocabularios, manuais e gramáticas en soporte papel e dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística e sociolingüística.

Contidos

- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Alfabetización mediática e informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas pro-prios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira cre-ativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
9	UNIDADE 9: Nós tamén navegamos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Interpreta fragmentos de obras literarias dende o ano 1975 ata a actualidade.	PE	80
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	Utiliza a información sociohistórica e cultural para entender os fragmentos de textos lidos e comprender o seu lugar na tradición literaria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	Analiza os elementos constitutivos da literatura dende o ano 1975 á actualidade e a súa relación co sentido da obra.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura galega dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos, como algunha mostra do ámbito lusófono, e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Realiza un booktráiler sobre un poema que poderá escoller (de entre os publicados dende 1976 á actualidade). No booktráiler dará a súa opinión atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada da literatura galega dos séculos XX e XXI e tamén algunha mostra do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura galega dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero ao redor de tres eixos: (1) A literatura galega no primeiro terzo do século XX (1916- 1936); (2) A literatura galega entre 1936 a 1975; (3) A literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI. Procesos e estratexias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O enfoque metodolóxico das programacións didácticas deberá fixar as estratexias que desenvolverá o profesorado para ir dotando o alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita «aprender a aprender» e buscar por si mesmo a información que teña ao seu alcance para que o día de mañá saiba desenvolverse. Deste xeito, os alumnos e alumnas alcanzarán os obxectivos e contidos previstos en cada materia, así como o logro dos coñecementos necesarios para a adquisición das competencias, isto leva consigo importantes cambios na concepción do proceso de ensino-aprendizaxe, na organización e na cultura escolar, o que requirirá dunha estreita colaboración entre docentes

no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe do alumnado, así como cambios na práctica de traballo e nos métodos de ensinanza apostando pola innovación. Desta forma, a intervención educativa deberá ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo o alumnado e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

A metodoloxía didáctica que se aplicará ha de optimizarse para acadar as metas propostas tendo en conta o contexto en que ten lugar a ensinanza. Por un lado, a natureza mesma da materia, os condicionantes socioculturais, os recursos e as características do alumnado (o proceso aberto de definición da propia identidade, a inseguridade, o cuestionamento da autoridade establecida, a influencia do grupo de iguais, etc.) condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que cómpre aplicar unha metodoloxía que teña presentes tales condicionantes; ademais, hai que ter en conta tamén as cambiantes posibilidades intelectuais do alumnado, así como o momento no que este completa o seu proceso de socialización. Consonte o anterior, deberase promover o traballo en equipo do profesorado, respectando a liberdade de cátedra, co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinario do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente do grupo. Desta maneira, os métodos pedagóxicos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, ademais debe enfocarse cara á realización de tarefas ou situacións formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo uso dos coñecementos, destrezas, actitudes e valores, así mesmo debe ter en conta a atención á diversidade e o respecto aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Así, para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, sempre e cando non supoñan un abandono do coñecemento, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar. Mais para que a aprendizaxe sexa eficaz cómpre tomar como referencia o nivel de partida, é dicir, o nivel competencial previo de cada alumno ou alumna. Aínda que, se o nivel competencial do que dispón, está moi lonxe dos novos contidos, non poderá conectar de xeito natural con eles o que derivará nunha aprendizaxe memorística, non comprensiva. É por isto que resulta necesario que o profesorado reforce os coñecementos previos de xeito sistemático, xa que sobre eles se han asentarse os novos coñecementos cimentados nunha sólida estratexia memorística complementaria.

Canto ao grao de motivación, este afecta directamente ao rendemento académico. Para incrementar a motivación convén que o/a docente faga explícita a utilidade dos contidos que se imparten, tanto no ámbito académico como no ambiente cotián do alumnado. Alén disto, presentar certas actividades, difíciles pero accesibles, como un reto vai aumentar o interese entre o alumnado o que facilitará o grao de autonomía e a consideración positiva cara ao esforzo, isto implica un novo papel do alumnado, activo e autónomo, consciente de ser responsable da súa aprendizaxe, no camiño de que o alumnado non só debe comprender o que aprende, senón para que o aprende e se quen de usar o aprendido en contextos dentro e fóra da aula, a través dunha metodoloxía activa, participativa e contextualizada, unha aprendizaxe baseada en problemas para favorecer a implicación, a experimentación, a aprendizaxe funcional que posibilitará o desenvolvemento das competencias, coa finalidade de axudar o alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo a reflexión crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora, proceso este no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Por iso, un dos recursos metodolóxicos que pode facilitar o intercambio de experiencias e a cooperación entre o alumnado é o traballo en grupo, que constitúe non só un medio, senón un fin en si mesmo nunha sociedade cooperativa, con alicerce no coñecemento.

Polo que respecta á diversidade, tanto no que se refire a capacidades como a intereses, deberanse programar distintos niveis de dificultade, que poden requirir dunha atención individualizada ou en grupos reducidos, coa realización de actividades diferenciadas, adaptacións curriculares etc.

En resumo, a metodoloxía xeral, neste caso para o Bacharelato, debe partir da competencia inicial do alumnado; debe ser activa, participativa e innovadora, favorecendo o traballo individual e cooperativo no logro do coñecemento poderoso; debe impulsar o traballo en equipo do profesorado e debe prestar atención á diversidade.

4.1.1 CONCRECIÓN DIDÁCTICA PARA A MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Neste aspecto, as materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe

do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Por iso, os principios metodolóxicos non se aplican de xeito abstracto, senón sobre contidos disciplinares concretos, polo que convén definir a aplicación da metodoloxía en conexión coas actividades máis características da área, tendo en conta a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua Galega e Literatura propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas:

- a) Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico, traballando a comprensión oral e a comprensión escrita en cada lectura, a expresión oral con exposicións, debates etc. e a expresión escrita con textos escritos de distinta tipoloxía.
- b) Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
- c) Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na Internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- d) Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- e) Ler, interpretar e valorar obras literarias, ben individual, ben colectivamente, coa finalidade de fomentar o gusto pola lectura e a capacidade de busca e elección, crítica e selectiva de libros e fontes de información.
- f) Crear dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
- g) Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.
- h) Fomentar a análise sociolingüística que debe levar a reflexionar criticamente sobre a situación social do galego, e que partirá da premisa de que o alumnado saiba distinguir, por unha parte, o uso das diferentes variedades internas da lingua e, por outra, os condicionantes que operan na elección dunha das dúas linguas en conflito na nosa comunidade (bilingüismo, diglosia, normalización, normativización). Tamén se atenderá á diversidade lingüística na Península Ibérica. Neste senso estimularase a autoanálise de cada alumno/a e da súa contorna máis inmediata nos seus comportamentos sociolingüísticos, en comparación cos comportamentos xerais do país, a través de múltiples tarefas encamiñadas a conseguir o dito obxectivo.
- i) Educar literariamente, para iso a literatura valerase dos textos co fin de servir de reforzo á consecución de obxectivos non só literarios, senón tamén históricos, sociolóxicos, culturais e sociolingüísticos.
- k) Practicar o comentario de texto literario que deberá conxugar o formalismo coa actitude criticista de cara a unha mellor argumentación persoal.
- l) Identificar as interferencias que serán obxecto dun tratamento detido. A través de textos de diferentes épocas o alumnado irá discriminando os castellanismos e valorando os motivos históricos e sociais que provocaron e provocan a súa aparición. Igualmente o traballo de depuración irá encamiñado a distinguir todo tipo de desviacións da norma.

4.1.2 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS. ORIENTACIÓNS

A sociedade actual, en que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela, mediante un enfoque baseado na aprendizaxe do coñecemento e tendo presente a necesidade de traballar textos, sobre todo escritos, así como de fomentar o espírito cooperativo e crítico. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que consideraremos á hora de programar as nosas actividades docentes.

Débase ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado; concretado a través das seguintes estratexias metodolóxicas:

- Realizar actividades encamiñadas a coñecer as ideas previas que alumnado ten sobre os contidos que serán traballados.
- Propor una exposición didáctica do/a profesor/a, que leve a presentar os obxectivos e os contidos dunha forma atractiva a fin de motivar o alumnado.
- Promover a comprensión lectora e o hábito lector. A este fin, incluímos na programación lecturas obrigatorias sobre as que se realizarán distintas actividades: debates na aula, guías de lectura, probas de lectura, etc.
- Desenvolver, por parte da docente, unha exposición dos conceptos máis complexos e novos de xeito ameno pero con rigor, botando man das TIC, coa finalidade de promover o seu uso.
- Traballar sobre textos modelo (orais ou escritos) de tipo descritivo, narrativo, expositivo, argumentativo etc.;

- realizando exercicios e actividades, a fin de desenvolver as competencias clave canto á expresión oral e escrita.
- Fomentar o traballo práctico individual: o alumnado creará textos do mesmo tipo ca o modelo traballado (planificar, xerar ideas, ordenalas, redactar, autocorrixir, reelaborar).
 - Fomentar o traballo práctico cooperativo, por exemplo nas exposicións orais: investigación, selección de información e exposición oral do tema na aula, apoiándose nas TIC, e procurando fomentar a aprendizaxe activa e o traballo cooperativo.
 - Levar a cabo unha corrección e reelaboración dos textos, pola docente.
 - Realizar exercicios de fonética e fonoloxía, morfoloxía, semántica, etc.
 - Facer unha reflexión crítica sobre as ideas, de textos de temática variada, resumos, estrutura e esquemas das ideas do texto, e posteriores debates.
 - Introducir de xeito progresivo a autoavaliación e a coavaliación a través de tarefas concretas.
 - Desenvolver a competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.
 - Cultivar a sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo da lectura de textos, tertulias literarias, etc.

En resumo, as anteriores estratexias metodolóxicas enmárcanse no proxecto de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe, para iso terase en conta o Proxecto lingüístico do centro de cara á impartición do currículo integrado das linguas, cando menos desde unha perspectiva de acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Blanco Amor, Eduardo (2014): A esmorga. Vigo: Galaxia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Rei, Francisco (2003). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo: Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2020). Idioma e sociedade. Sobre normalización e planificación da lingua galega. Santiago: Laiovento.
Gutiérrez Izquierdo, Ramón (2000). Lecturas de nós. Introducción á Literatura galega. Vigo: Xerais.
Lamela Gómez, Brais (2022): Ninguén queda. Vigo: Euseino.
López Viñas, Xoán; Lourenço Módia, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións.
Monteagudo, Henrique (2017). Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo. Vigo: Galaxia.
Núñez Singala, Manuel (2017): Sacar a lingua é de mala educación. Vigo: Galaxia.

Pena, Xosé Ramón (2016). Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936. Vigo: Xerais.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega; en liña https://ilg.usc.es/pronuncia/
Pena, Xosé Ramón (2019). Historia da Literatura Galega IV. De 1936 a 1975. A "longa noite". Vigo: Xerais.
Rodríguez Carnota, Miguel (2022). Lingua, poder e adolescencia. Vigo: Xerais.
VV.AA (2023): Lingua e literatura 2. Doutra maneira. Editorial Rodeira [ISBN: 978-84-8349-831-6]

O libro de texto -VV.AA. (2023): Lingua e literatura 2. Doutra maneira. Rodeira- funcionará como manual de referencia para o alumnado. Con todo, será complementado con diversos materiais que a profesora considere de interese para o desenvolvemento do perfil competencial do alumnado. Ademais, utilizaranse diferentes recursos dixitais que poden resultar de utilidade para facer máis amena a adquisición dos coñecementos: gravacións dixitais, podcast, fragmentos teatrais, infogramas, diapositivas en Prezi ou Power Point, prensa dixital en rede, canles didácticas en Youtube, etc.

As TIC serán empregadas de xeito habitual nos diferentes bloques de contido e o alumnado contará coa Aula virtual do centro, onde terá ao seu dispor os materiais e diferentes recursos utilizados na aulas de Lingua galega e literatura e outros que poden servir para reforzar ou ampliar os contidos estudados.

Tamén contarán coa bitácora de aula Xunqueiros (<http://xunqueiros.blogspot.com/>) dende onde poden escoitar música en galego, coñecer diferentes propostas dinamizadoras da lingua galega e achegarse a diversos recursos e contidos relacionados coa materia.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ao abeiro do artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, contará con materiais axeitados para atender as súas necesidades, ben elaborados pola profesora ben adaptacións de recursos publicados.

Outros recursos didácticos de utilidade:

- Aulas Galegas: <https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/>
- Cortegal: <https://ilg.usc.gal/cortegal/es/index.php?action=cqp&act=advanced>
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinodicionarios.com/castelan-galego>
- Dicionario de dicionarios: <http://ilg.usc.gal/ddd/>
- Dicionario da Real Academia Galega: <http://www.realacademiagalega.org/>
- Dicionario de pronuncia da lingua galega: <http://ilg.usc.es/pronuncia/>
- Dicionario etimolóxico, Rinoceronte Editora: <https://rinodicionarios.com/etimoloxico>
- Dicionario latín-galego, Rinoceronte Editora: <https://rinodicionarios.com/latin-galego>
- Dicionario visual interactivo: www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html
- O Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: <http://www.portaldaspalabras.org/>
- O ximnasio dos verbos: https://www.lingua.gal/recursos/para-aprender-o-galego/_aprendelo/contido_0123/ximnasio-dos-verbos
- Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nesta etapa do proceso educativo resulta de interese facer unha análise inicial coa finalidade de observar o grao de desenvolvemento das competencias clave do alumnado. É por iso que nos primeiros días do curso, logo da presentación, realízase unha avaliación inicial centrada non en lembrar os contidos traballados no curso anterior, senón nas habilidades para poñer en práctica eses contidos, é dicir, o «saber facer» do alumnado.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumnado, unha ferramenta esencial para que a profesora poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Esta proba realízase a partir dun texto xornalístico sobre o cal o alumnado deberá realizar unha serie de actividades de comprensión oral e escrita e produción oral e escrita que servirán, ademais, para reflexionar sobre a lingua, a sociolingüística e a literatura.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	10	10	13	10	10	13	10	10	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	90	70	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	10	30	20	20

Criterios de cualificación:

Elabórase este apartado ao abeiro da Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/ 2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e da Orde 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Realizarase unha avaliación inicial ao principio de curso (vid. apartado 5.1). Esta avaliación inicial será completada coa avaliación formativa, que terá lugar durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a evolución do alumnado e da que formarán parte todas as actividades levadas a cabo ao longo de cada período avaliatorio. Con carácter xeral, solicitaranse tarefas que serán consontes coa metodoloxía de traballo e as actividades desenvolvidas.

A nota da avaliación acadarase atendendo aos seguintes criterios:

- Establécese a realización de, ao menos, unha proba escrita ao longo de cada avaliación con contidos dos bloques As linguas e os seus falantes, Comunicación –comprensión e produción textual-, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Suporá un 80% da nota. Na proba o alumnado debe demostrar uns coñecementos mínimos en cada un dos catro bloques.
- Completarase o 100 % da nota cunha proba oral ou escrita de comprobación de lectura sobre unha obra literaria proposta para cadansúa avaliación. Nela, amais da comprensión lectora, avaliarase a claridade expositiva, a coherencia da expresión escrita e a corrección lingüística. Suporá o 10% da nota.
- O restante 10% corresponderase cos rexistros de participación na aula (obrigatoriamente en galego) e tarefas orais ou escritas propostas (exercicios gramaticais, debates, comentarios de texto, resumos, producións textuais etc.).

Enténdese que o alumnado obterá cualificación positiva, en calquera das avaliacións, cando despois de todos os requisitos anteriores obteña unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10. Para que a nota do exame escrito faga media coas demais o resultado non será inferior a 4. A partir do 5 aplicarase o redondeo á alza só no caso en que a nota media final sexa igual ou superior a 75 centésimas.

A nota final do curso será a media aritmética dos resultados obtidos nas tres avaliacións, unha vez que sobre ela se realicen as correccións oportunas derivadas dos procesos de recuperación, tanto dos que teñen que ver cos criterios de avaliación con carácter progresivo como daqueles que precisan de proba de recuperación. A partir do 5 o redondeo á alza só se fará no caso en que a nota media final sexa igual ou superior a 5 centésimas.

No caso de non acadarse un 5 de media, o alumnado poderá presentarse a unha única proba final na cal se avaliarán os contidos de todo o curso e que valerá o 100% da nota. A cualificación mínima para aprobar será un 5 e o redondeo aplicado será exactamente igual ca o da proba final.

As probas escritas seguirán a estrutura, os criterios de cualificación e extensión das respostas recomendadas pola CIUG nas súas circulares informativa para a ABAU 2023/2024 (15/09/2023, 13/10/2023) amais da última aclaración na Circular informativa para a ABAU 2023/2024 (29/11/2023), as cales poderán ser modificadas en caso de recibírense

outras instrucións do Grupo de traballo da materia de Lingua galega e literatura II.

Nas probas escritas prestarase especial atención á ortografía, morfoloxía e sintaxe, podendo reducirse ata dous puntos sobre 10 da cualificación global, dependendo da gravidade das incorreccións, aplicando os mesmos criterios que nas probas ABAU. Poderán ser:

- a) **Moi graves:** aquelas solucións que son alleas ao estándar no nivel morfolóxicos e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos. Descontaranse 0,2 puntos por cada un (sobre unha proba de 10 puntos).
- b) **Graves:** aquelas solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ou *random, etc. Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 puntos por cada un (sobre unha proba de 10 puntos).
- c) **Leves:** aquelas solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/v, h, *ourense...), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Descontaranse 0,05 puntos por cada un.

Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Con todo, isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.

Se un alumno/a non se presenta a unha proba, oral ou escrita, sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, e esta actitude é manifestamente reiterada, o profesor/a valorará a pertinencia de realizarlle unha proba individual nunha data que será fixada por este.

A superación das probas e traballos deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de facer pasar por propio un traballo alleo, copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, reloxos intelixentes, auriculares, chuletas ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un 0 na cualificación deste, sen dereito a repetición, o que suporá a nota suspensa nesa avaliación. O profesorado tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, e sempre tras os resultados da avaliación, realizarase unha proba de recuperación para cada unha das avaliacións suspensas. Nela o alumnado deberá demostrar un coñecemento mínimo en cada un dos bloques de contido da materia de Lingua Galega e Literatura.

Ao final do curso, en caso de non acadarse un 5 de media, o alumnado poderá presentarse a unha única proba final na cal se avaliarán os contidos de todo o curso; valerá o 100% da nota. A cualificación mínima para aprobar será un 5.

Na convocatoria extraordinaria de xuño o Departamento elaborará unha proba específica escrita, baseada na Programación e no libro de texto oficial e cos materiais empregados ao longo do curso escolar (relacionados na Aula virtual). Nela avaliaranse os contidos de todo o curso e valerá o 100% da nota. A cualificación mínima para aprobar será un 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Este apartado elabórase ao abeiro do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos cales se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No relativo á diversidade, no dito decreto noméanse especialmente os alumnos con necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporaren tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais

ou de historia escolar.

Tendo en conta isto, distinguiremos principalmente dous tipos de actuacións:

- a) As ordinarias: que non requiren adaptacións significativas. Este tipo de medidas serán as seguidas co alumnado con TDAH (cumprindo o Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia, publicado pola Consellería de Educación), co alumnado con dislexia (seguindo o Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe, publicado pola Consellería de Educación) e co alumnado repetidor, caracterizado pola pouca motivación.
- b) As extraordinarias: implican adaptacións significativas e a intervención do Departamento de orientación. Para este tipo de alumnado, no caso de habelo, seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería de Educación. Con respecto ao alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo, o artigo 10 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia alude a que a escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realízase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico.

Para este tipo de alumnado, de habelo, adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e, se proceder, a recuperación do seu desfacemento, para que estas lle permitan continuar con aproveitamento os estudos e acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían á súa idade.

No tocante ao alumnado de nova incorporación que proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, este poderá optar a unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de Lingua galega e literatura durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos, segundo o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Durante a duración da exención os alumnos e alumnas asistirán ás clases e, na medida do posible debido á masificación das clases, terán un reforzo na aula con exercicios adaptados que irán progresivamente incrementando o grao de complexidade para que, coa axuda do profesorado, poidan ir seguindo, de ser posible, o ritmo do resto da clase.

CONCRECIÓN DAS MEDIDAS ORDINARIAS

A variedade do alumnado obriga ao profesorado a ir modificando diferentes aspectos do proceso educativo segundo este avanza.

A nosa actividade como docentes será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade construtiva do alumnado e fomentar a capacidade de «aprender a aprender». De feito, partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno ou alumna, o que significa considerar tanto as súas capacidades coma os seus coñecementos previos.

A continuación explicamos de xeito máis detallado algúns exemplos de como actuar ante estes retos na aula:

- Resposta á diversidade de interese: propoñeranse unidades con temáticas motivadoras para o alumnado, alternarase metodoloxía, serase flexible nos tempos dentro das posibilidades que permite este nivel académico.
- Resposta á diversidade de ritmos de aprendizaxe: utilizaranse actividades de reforzo e/ou ampliación, etc.
- Resposta á diversidade de formas de aprendizaxe: empregaranse materiais e métodos diversos que se adapten o mellor posible ao alumnado e o axuden a adquirir aprendizaxes funcionais e significativas.

Con respecto á avaliación, impulsarase un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á nosa actuación pedagóxica, que proporcione ao alumnado información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a súa participación neste a través da autoavaliación e a coavaliación.

Cómpre ter en conta que o alumnado con necesidades educativas especiais que curse ensinanzas de Bacharelato, de ser preciso, poderá ampliar a permanencia nesta etapa fragmentando os seus cursos por materias ao abeiro do artigo 59 da citada Orde do 8 de setembro de 2021.

Finalmente, segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica

2/2006, do 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria coa finalidade de que poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X	X		X	X		X
ET.4 - Competencia dixital.		X			X	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.		X				X		X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.		X	X	X	X	X		X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X		X		X	X		X
ET.8 - Creatividade.	X			X		X	X	X
ET.9 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X		X	
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X		X	X		X	X
ET.11 - Pluralidade lingüística.	X	X		X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X

	UD 9
ET.8 - Creatividade.	X
ET.9 - Igualdade de xénero.	X
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	
ET.11 - Pluralidade lingüística.	X

Observacións:

O Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 2º de bacharelato, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade.

Se hai algún elemento que cuantitativa e cualitativamente debe presidir o estudo da Lingua Galega e Literatura galega é a transversalidade porque, dada a situación da sociedade que desde o punto de vista sociolingüístico tende a ser cada vez máis complexa e á vez máis uniforme en favor das linguas hexemónicas, é urxente presentar o idioma como un nexa de sobrevivencia da nosa cultura e de todo o que isto significa desde diferentes áreas: Historia, Xeografía, Paisaxismo, Natureza, Patrimonio, Tecnoloxía, etc.

Os elementos transversais traballaranse, especialmente, nas actividades relacionadas coa comunicación, ben partindo de lecturas ofrecidas polo libro de texto, ben noutras lecturas fornecidas pola docente na cales se involucren estes contidos (que afecten á contorna inmediata ou da crónica de noticias nacional e internacional).

Amais dos elementos transversais indicados anteriormente, segundo o artigo 19.2 do citado Decreto, «promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social [...] e a pluralidade». Por último, atendendo ao artigo 19.3., «evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero».

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Camiñada literaria d' "A Esmorga"	A finais da 1ª avaliación e, despois de ler a novela de Eduardo Blanco Amor, realizarase unha camiñada literaria pola cidade de Ourense para coñecer de primeira man os espazos polo que transcorre a novela.	X		
Visita do escritor Brais Lamela para falar da obra "Ninguén queda"	Na 2ª avaliación, logo da lectura individualizada da obra "Ninguén queda", o alumnado terá a posibilidade de participar nunha tertulia literaria co autor da novela, Brais Lamela, que recibiu recentemente o Premio da Crítica na modalidade de narrativa.		X	

Observacións:

Valoraranse as propostas das distintas institucións e colectivos culturais que vaian xurdindo ao longo do curso e, de ser posible, realizarase algunha que sexa de interese para a formación do alumnado e se poida atender orzamentariamente (asistencia a representacións teatrais ou cinematográficas, conferenciantes, visitas a exposicións, participación en certames literarios, etc.). Con todo, procurarase que o número de actividades complementarias programadas para 2º de Bacharelato, dadas as circunstancias deste curso, non exceda de tres.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
Metodoloxía empregada
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
13. Mantívoose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
Medidas de atención á diversidade
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
6. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.

Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
17. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino- aprendizaxe das fillas ou fillos.
Outros
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
23. Dialogouse co alumnado con respecto á práctica docente do profesor ou profesora.

Descrición:

Resulta fundamental que como docentes posuamos ferramentas e empreguemos procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro a partir dos cales "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, o coñecemento e a actitude con respecto ao alumnado e o cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 5 e os seus resultados recolleranse na memoria final e teranse en conta para introducir melloras na programación didáctica do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorarase o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Tamén se valorará se a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados estaban dando os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias deron os resultados previstos e se foron útiles e adecuados.

-Planificouse a distribución coherente de contidos entre o profesorado que imparte un mesmo nivel, no caso de haber varios docentes.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto

lector...

10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD.

Na última reunión do Departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na programación didáctica do próximo curso.

Por último, hai que sinalar que tamén se fará o seguimento da programación didáctica a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados